



ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS CONXUNTAS PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PROGRAMA PARA A PAUTA DE EXERCICIO FÍSICO ÁS PERSOAS MAIORES DE 60 ANOS USUARIAS DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DENTRO DO PROGRAMA "ADESTRA A TÚA SAÚDE", CON CARGO AO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NextGenerationEU

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Deporte Galego formalizaron o 15/10/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de tres anos (até o 15/10/2028), con posibilidade de prórroga por períodos anuais.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto establecer a colaboración conxunta no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia entre a Consellería de Sanidade, a Fundación Deporte Galego e os Concellos que decidan adherirse ao presente, para o desenvolvemento do programa "Adestra a túa Saúde", dirixido a persoas inactivas maiores de 60 anos usuarias do Sistema Sanitario Público de Galicia, e a recollida e tratamento de datos das persoas participantes no devandito programa a través da Plataforma ADESTRA A TÚA SAÚDE, no marco do proxecto C26.I01.P02 "Transformación Dixital aplicada á Actividade Física para a Saúde (AFBS) e a Medicina Deportiva" e subproxecto C26.I01.P02.S07 "Transformación dixital aplicada á actividade física para a saúde (AFBS) e á medicina deportiva. Galicia" do Compoñente 26 "Fomento do Sector Deporte" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O programa "Adestra a túa Saúde" para a pauta de exercicio físico desde o ámbito sanitario e o seguimento deste desde o ámbito comunitario, dirixido principalmente ás persoas inactivas maiores de 60 anos sas ou con factores de risco cardiovascular, pretende contribuír á mellora da saúde, o benestar e a calidade de vida a través da pauta de exercicio físico desde o sistema sanitario e o seu seguimento por un/ha promotor/a de exercicio que é persoal propio e que adaptará individualmente, seguirá e avaliará a súa execución cos recursos dispoñibles nos concellos que manifesten a súa vontade en adherirse ao programa previsto no presente acordo marco.



A Resolución do 4 de xullo de 2022 publicou o Acordo da Conferencia Sectorial de Deporte de 9 de maio de 2022, relativo á distribución territorial e criterios de reparto dos créditos xestionados polas Comunidades Autónomas e cidades de Ceuta e Melilla con cargo ao orzamento do Consello Superior de Deportes no marco do compoñente 26 "Fomento do sector deporte".

A Xunta de Galicia asinou un Acordo coa Fundación para transferirlle os fondos destinados á execución do proxecto de Dixitalización do Sector Deporte, en tanto que se trata da Entidade en mellor posición de poder executar un proxecto destas características.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

